



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE GANDO PORCINO CELTA (ASOPORCEL) PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DA RAZA PORCINA PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural,
DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27/05/2016, ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores de Gando Porcino Celta (ASOPORCEL) para a execución de actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta de acordo co Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020.

As actuacións irán dirixidas cara á explotación sostible destes animais polos criadores, impulsando os sistemas de cría e produción gandeira compatibles co medio ambiente, cunha orientación eminentemente comercial da raza e dos seus produtos derivados, como elemento clave para a súa conservación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O porco celta, representante do tronco Céltico puro, é a única raza porcina orixinaria de Galicia. Está incluída no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España como raza autóctona en perigo de extinción. Trátase dunha raza dotada dunha grande diversidade xenética e cunha capacidade adaptativa singular.

Galicia conta cunha ampla superficie con aproveitamento silvopastoril e o Porco Celta cunha gran rusticidade e capacidade de adaptación, polo que o sistema produtivo característico desta raza, en extensivo-semiextensivo, perseguindo un uso óptimo dos recursos naturais, faino especialmente compatible coa conservación do medio ambiente e o mantemento da biodiversidade. Por outro lado, este tipo de produción ten unha influencia positiva nas condicións de traballo de quen a practica, contribuíndo á fixación de poboación e á diversificación das actividades económicas no medio rural.

A submedida 10.2. do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020:





Apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostíbeis dos recursos xenéticos na agricultura, ten entre os seus obxectivos a explotación sostíbel dos recursos autóctonos e o aproveitamento dos recursos naturais, o mantemento da súa rendibilidade, e a obtención e promoción de produtos diferenciados, obxectivos que concordan perfectamente cos deste novo convenio de colaboración.

O desenvolvemento deste convenio só é posible coa participación de ASOPORCEL, xa que é a única entidade oficialmente recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do libro xenealóxico da raza Porco Celta, de acordo co Decreto 149/2011, do 7 de xullo. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e ASOPORCEL para a execución das actividades de recuperación, conservación e fomento da raza porcina Porco Celta de acordo co Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020.

As actuacións irán dirixidas cara á explotación sostíbel destes animais polos criadores, impulsando os sistemas de cría e produción gandeira compatibles co medio ambiente, cunha orientación eminentemente comercial da raza e dos seus produtos derivados, como elemento clave para a súa conservación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alio a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016.

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

